



## SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

### INFORMACIÓN PÚBLICA

#### ANUNCIO

Rafael Saya Abrodos, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río Morao, a autorización de obras, na parcela de referencia catastral 001201700NH69F0001AE, no lugar de Sas, parroquia de Vilouzás (San Salvador), Concello de Paderne (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.66803.

As obras solicitadas consisten na execución do peche de parcela mediante postes e pezas cegas de formigón prefabricado e malla metálica; colocación de portas para acceso de vehículos e peonil.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Paderne ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 04 de setembro de 2019

O xefe do servizo territorial  
(sinatura dixital)

Néstor Rodríguez Arias

